

O Arquivo
Fotográfico
SELGAS



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Arquivo Municipal

O ARQUIVO FOTOGRÁFICO SELGAS

ALFREDO ERIAS

Colaboradores:

José M^a Veiga Ferreira

M^a del Pilar Vázquez Ares

Andrés Ares Pérez

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS
Arquivo Municipal

Mostra no Edificio Arquivo
Decembro-Xaneiro, 1990-91

No momento de face-la publicación do traballo fotográfico de Antonio Selgas, non podemos deixar de sensibilizarnos por múltiples aspectos que configuraron o Betanzos tradicional e que, rememorándoos, fannos ver a xoia de cidade que temos e que debemos manter para que as xeneracións futuras poidan seguir disfrutando da mesma.

É unha mostra, a do Arquivo de Selgas, que recolle fotografías desde os anos 50, e nela podemos aprecia-la sensibilidade deste artista, plasmada nos principais aspectos da galeguidade betanceira: as xentes, as rúas, as danzas, o globo, as festas, as feiras ... e un conxunto de destacadas imaxes que serán do agrado xeral.

Para que esta mostra se publique, foron precisas varias colaboracións, entre as que quero destacar a do propio artista, Selgas, a quen lle agradezo o seu desinterés á hora de facilita-la súa importante obra ó Arquivo Municipal.

Desde o Concello quero resalta-lo interés que, tanto nesta ocasión como en tódalas que se lle demanda a súa colaboración, prestou o Concelleiro de Cultura, Francisco Díaz Pereira, quen, co seu entusiasmo e dinamismo, posibilitou que o Arquivo Municipal, Alfredo Erias, e un caracterizado grupo de colaboradores, realizasen, para público coñecemento, a presente publicación.

A miña felicitación para tódolos que traballaron ou colaboraron na edición e ánimo para seguir facendo camiño e ensinalo ás xeneracións vindeiras.

Manuel Lagares Pérez
Alcalde de Betanzos

Don Antonio Selgas Goyanes naceu en Ourense o día de San Xoán (24 de xuño) de 1925. É Licenciado en Ciencias, especialidade de Químicas, pola Universidade de Santiago de Compostela e Diplomado en Óptica pola Universidade Complutense de Madrid.

Chegou a Betanzos, sendo xa un afeccionado á fotografía, a finais de 1951, abrindo o 1 de xaneiro de 1952 un establecemento de droguería, no que tamén vendía cámaras fotográficas e diverso material afín, actividade que desde ese mesmo ano simultanearía coa de Profesor do "Instituto" de segundo ensino.

Moi pronto derivaría á fotografía de reportaxe. O seu papel era o de revelador dos negativos, mentres que as fotografías eran tomadas por diversos colaboradores. Un deles (o primeiro) foi **Don "Miguel" Laderas** (empezou no 1953-54), quen máis tarde se marcharía á Arxentina. Antes colaborara en Betanzos con **Foto Arjo**, que se iría por estes anos para Ferrol.

Arjo tiña os típicos fotógrafos que andaban pola rúa facendo as famosas "*tres fotografías*" que vendían ó público a 9 pts. e ademais ían ás bodas, bautizos e a todos os actos sociais que hoxe se siguen fotografando, xa foran familiares ou públicos. Dalgún xeito o "Laboratorio Fotográfico Selgas" herdou estas funcións. **Don "Paco" Rodríguez Rey** (ata que se independizou a mediados da década de 1970) e **"Agilda"** (éste de Oza) foron outros fotógrafos que traballaron co Laboratorio de Selgas. Pero a reportaxe "*callejera*" deixaría pouco despois de se instalar profesionalmente en Betanzos, ó seu regreso de Venezuela (1959), o fotógrafo **Gabín**, quen seguiría por moito tempo coa vella tradición de face-las fotos pola rúa.

Nembargantes, non é ese arquivo de reportaxe o que aquí se mostra, senon o



Don Antonio Selgas Goyanes (por Faraldo).

formado polas fotografías feitas polo propio D. Antonio Selgas, na súa calidade de fotógrafo afeccionado. Algunhas delas, como as do Globo de San Roque (que facía desde a casa da Familia Vázquez), vendíaa no seu establecemento, pero a maioría foron manifestación da súa inquietude artística.

El e o seu amigo, o gran fotógrafo betanceiro **Don José Veiga Roel** (1894-1976), estimuláronse mutuamente na procura de imaxes fotográficas que hoxe son un tesouro inapreciable. Precisamente, por estes anos Veiga empeza a recibir o que sería unha longa lista de premios nacionais e internacionais: os primeiros (1º e 3º), no Concurso Nacional de Vigo de 1954.

Selgas non poñería tanto empeño nos concursos, pero sabemos, de tódolos xeitos, que participou nalgúns deles: no "**I Salón Local de Fotografía**" da Coruña (1953) con "*A tía Andrea*" acadaría o terceiro premio; no "**Concurso Nacional de**

Fotografía Artística" de Vigo (1954) coas fotos "*A tía Andrea*" e "*Cerrando el negocio*"; coa primeira tamén no "**I Salón Nacional de Fotografía Artística**" de Murcia de 1955 (onde engadirla "*D'a feira d'o mediado*") e na "**IV Exposición de Fotografía**" do Club de Mar de Vilagarcía de 1955 (onde tamén levaría "*Noche en la Puerta del Cristo*"); no "**III Salón Local y Provincial de Fotografía Artística**" de Ferrol (1955) con "*Escaleras del Picardel*"; no "**II Salón Local de Fotografía**" da Coruña (1955) con "*Noche en la Puerta del Cristo*"; no "**III Concurso Nacional**" de Vigo (1956) ...

Non é extraño, pois, que coincida con Veiga na elección dalgúns dos temas (vistas da cidade, persoaxes populares, nenos, ...) o mesmo que na preocupación polo tratamento da luz. Pero a vitalidade, a inmediateza e en moitos casos o valor documental dos seus traballos, fan de Selgas un fotógrafo con personalidade propia, digno das maiores loubanzas.

Mirando as súas obras, parece mentira que en tan poucos anos Betanzos cambiase tanto (para ben e para mal). A imaxe da Ribeira e do Peirao está irreconocible: ¿ónde van os carpinteiros constructores de barcas?, ¿ónde os parvulos? Ata a medieval Ponte Nova se destruíu (1969-70) no nome do progreso. ¿Cánto lles queda ós soportais desa zona, ós balcóns corridos de madeira, ...? E ¿qué dicir do fermoso perfil da cidade onde apareceu algún que outro "*monstro*"? A mesma Praza do Campo semella hoxe distinta: xa non está a casa de Dona Águeda, nin a capela de San Roque. Automóviles, autobuses, ..., a xente, ... todo cambiou.

Tamén se foron algúns *bos e xenerosos* co sorriso por diante, como o popular "*Juracho*" rodeado de rapaces. Queda seguramente algunha "*Tía Andrea*" pelando as patacas e tamén aínda fai sucos (cada vez menos) o agonizante arado ro-

mano (mellor diríamos neolítico).

O mundo do traballo nas Mariñas perdeo a imaxe do lúpulo (1946-1978) que a tantos nos supuxo o primeiro soldo. Aquela industria poderosa hoxe está perdida.


A feira que ven do s. XIII mantense aínda, pero xa non queda, por exemplo, aquel "*rastrillo de cousas vellas*" que estaba fronte ós Soportais: alí había desde mobles ata libros, pasando polos máis raros obxectos e ferraganchos. Ata a popular "*Heladería La Palma*" cambiou considerablemente o seu medio de locomoción....

E non digamos as danzas: a de mariñeiros aínda sobrevive, a pesar de que non podemos esquecer a aqueles vellos, ó "*Cueiro*", ó "*Churruchao*" e ós demais. A de labradores xa parece desaparecida para sempre (esperemos que non sexa así). As festas no seu conxunto cambiaron: os mómaros, os Caneiros, o Globo, ... Precisamente "O Globo de San Roque" ten en Selgas ó seu gran reporteiro.


Ata o ferrocarril Betanzos-Ferrol, tan pouco fotografiado, aparece aquí envolto na típica e xa esvaída fumieira: fáltalle bruar.

Tamén fai Selgas un irmanamento cos mariñeiros de Muros, quizais por saudade dos que houbera en Betanzos.

Para Betanzos rescatar do esquecemento este arquivo supón un feito de gran importancia. Neste senso, hai que suliñar as facilidades dadas polo autor para a realización da Mostra e a confección deste catálogo, a modo de síntese. E, ó mesmo tempo, é preciso agradecerlle públicamente que nos permitira facer copias en papel de tódolos seus negativos (mesmo algúns tamén nolos donou) con destino ó **Arquivo Municipal de Betanzos**. Deste xeito, estamos seguros de que a transcendencia cultural da súa obra non fai máis que empezar.



Vista panorámica de Betanzos desde a Volta do Codo (metade esquerda). 1953.




Vista panorámica de Betanzos desde a Volta do Codo (metade dereita). 1953.





Vista panorámica de Betanzos cunha lancha a medio facer en primeiro plano, na desaparecida carpintería dos Bedoya. 1953.



Vista panorámica de Betanzos coas lanchas do Peirao en primeiro término. 1954. Esta foi unha imaxe típica para fotógrafos e pintores, que, a pesares diso, hoxe aparece case irreconocible.



Vista panorámica de Betanzos coas lanchas, os montóns de area e o Peirao en primeiro término (...). 1954.



Arriba, vista de Betanzos co Instituto en construción (inauguraríase no 1956). No medio, a medieval Ponte Nova, destruída polo MOPU no 1969-70. Debaixo, a Galera. Todas de mediados dos 50.




Arriba, unha panorámica da Praza do Campo, onde pode verse, ó fondo, a Casa de Dona Águeda (desaparecida a finais dos 60). Debaixo, o Peirao. As dúas de mediados dos 50.



Arriba, a Praza do Campo. Abaixo, rúa que vai á Porta do Hórreo. Mediados dos 50.



Arriba, a Eira Vella, na que se ven aínda os medeiros de trigo e a asoportalada (daquela enteira) "Casa de Camba" (documentada no 1751). Abaixo, o porto novo co "Ruzafa" e outros barcos. 1955.




A Ponte Vella nos anos 50. Arriba, a xente embarca para "Os Caneiros".



"Noche en la Puerta del Cristo", 1955.




A Porta do Cristo vista desde o exterior. 1955.




A Praza do Campo (Campo da Feira desde o s. XIII). Ainda está a casa dos Valderrama (de trás do Palco) e a capela de San Roque. 1953.




Arriba, a carretera de circunvalación co "Pasatiempo" abandonado ó fondo. Abaixo, os desaparecidos parrulos, que formaban parte indispensable das ribeiras de Betanzos. Finais dos 50.




Arriba, unha vista da Praza do Campo co xardín (desde hai anos xa inexistente) inaugurado o 27-III-1951 diante do Edifício Arquivo. Abaixo, a desaparecida Feira Nova. Mediados dos 50.




"A tia Andrea", 1953.



Arando en Santa Cruz. 1952.



"D'a feira d'o mediado", 1955.




Saudade do marineiro. Primeira metade dos 50.



Nenos de Betanzos. 1956.



"Escaleras del Picardel". 1955.



A colheita do lúpulo. 1955.



A colheita do lúpulo. 1958.



A colheita do húpulo. 1958.



O "Juracho", de home-anuncio, e os rapaces. 1956.



"Cerrando el negocio". 1956. O "Juracho", que era pobre, facía os traballos máis diversos para sobrevivir: un deles era o de limpabotas.



Mulheres (na Rua de San Francisco e na Magdalena). Finais dos 50.




Un día de mercado, arriba, e o sono do neno. Finais dos 50.



Dia de feira. 1956.



O "rastrillo das cousas vellas" na feira de Betanzos. Estaba situado diante dos Soportais do Campo (antiga Rúa dos Ferradores) e tiña desde mobles (véxanse camas) ata libros, ferraganchos, etc. 1956.




"¡Al rico helado!". Segunda metade dos 60.



Mariñeiros de Muros de San Pedro. 1959.



Marineiros de Muros de San Pedro. 1959.



Marinheiros de Muros de San Pedro. 1959.



Antón "o Pataqueiro", alabardeiro da danza de labradores. Medios dos 60.



Procesión en Betanzos a mediados dos 50. Abaixo pode verse ó Cardeal Quiroga Palacios.



Arriba, a Torre do Reloxo, ... Abaixo, a de Andrade en Pontevedra. Anos 50.



A xente mira as danzas diante do Concello, pola festa de San Roque. No medio, o gaitero "Cafú" e o "Señor Juan o tamborileiro". Medios dos 60.




Os mómaros. Mediados dos 60.



O día do San Roque. Mediados dos 60.



A Danza de Mariñeiros na praza do Concello. Mediados dos 60.



A Danza de Mariñeiros co "Cueiro" punteando no xardín da casa rectoral da igrexa de Santiago (o pazo de Lanzós ó fondo). 1965.



A Danza de Mariñeiros no Cantón Grande. 1965.



A Danza de Labradores no Cantón Grande. Mediados dos 60.




A Danza de Labradores no Cantón Grande, 1965.




A Danza de Labradores na praza do Concello. Mediados dos 60.



*Don Jaime Pita Otero, á esquerda, da instruccións para o ornato do Globo no Cine Alfonsetti.
Anos 50.*




O Globo de San Roque, 1955.



O Globo de San Roque, 1956.



O Globo de San Roque. 1957.




O Globo de San Roque. 1958.




O Globo de San Roque, 1959.



O Globo de San Roque en apuros. 1960.




O Globo de Sada, relanzado en Betanzos despois de atoparse cerca. 1962.



O Globo de San Roque. 1963.



O Globo de San Roque. 1965.



A chegada do tren á "Estación Betanzos Pueblo" desde Ferrol. 1956.

ADDENDA ET CORRIGENDA

P. 24: D. Antonio Selgas refírese ás escaleiras da 1ª Travesía da Torre.

P. 29: 1953-4.

P. 39: Esta procesión corresponde moi probablemente á "Santa Misión" dos PP. Redentoristas de outubro de 1956.

P. 46: ... *no xardín da casa rectoral da igrexa de Santiago* ...

P. 48: ... *na praza do Concello* ...